



CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA A COLABORACIÓN EDUCATIVA NAS ENSINANZAS PROFESIONAIS E SUPERIORES DE MÚSICA

Santiago de Compostela, a 30 de maio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, en calidade de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, nomeado mediante o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e actuando en virtude das competencias atribuídas polo artigo 34.1º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Dña Sandra Ortega Mera, en calidade de presidenta da Fundación Paideia Galiza, en representación desta e de conformidade coas atribucións conferidas polo acordo adoptado na reunión do Padroado da Fundación Paideia Galiza de data 9 de setembro de 2013 segundo consta no libro de actas da Fundación; e en virtude de dito nomeamento, ostenta a representación da entidade a todos os efectos legais, segundo consta nos Estatutos e escritura de constitución da entidade, outorgada o 30 de xullo de 2001, ante o Notario da Coruña Don Francisco Manuel Ordóñez Armán, baixo o número 1983 de orden do seu protocolo.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade para obrigarse e

EXPOÑEN

I. Que o artigo 45 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as ensinanzas artísticas terán como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos/das futuros/as profesionais da música. Asemade, o artigo 3 do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia dispón que o perfil do/da titulado/a superior en Música corresponde ao dun/dunha profesional cualificado/a que acadou a madureza e a formación técnica e humanística necesarias para realizar de maneira plena a opción profesional máis adecuada ás súas capacidades e intereses, o desenvolvemento das



competencias comúns aos estudos de música e á correspondente especialidade; igualmente, entre as competencias transversais do/da titulado/a superior en Música, no seu anexo II, recóllense ás de *“Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional”* e *“Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional”*.

II. Que a Fundación Paideia Galiza ten entre os seus fins a realización de actividades orientadas á formación, investigación e intervención no eido das ciencias sociais; a implantación de programas e tarefas dinámicas, sensibles á realidade, así como á busca da excelencia en servizos e prácticas profesionais, desde unha abordaxe interdisciplinar, transversal e integral, para lograr a calidade no compromiso e na aplicación do social e do científico.

III. Que se estima fundamental a adecuación da formación dos músicos ao grao de excelencia académica que esixe nas ensinanzas artísticas profesionais e superiores, e o recoñecemento e posta en valor dos méritos artísticos e académicos baseados no esforzo e no traballo do alumnado. Estes obxectivos requiren dunha activa participación e corresponsabilización de todos os axentes sociais implicados, como procedemento clave para a actualización e capacitación técnico-artística dos/das estudantes de música, o que fai preciso a colaboración dos asinantes deste acordo, que permitirá afianzar o proceso de ensino-aprendizaxe nos estudos profesionais e superiores de música dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio, en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Fundación Paideia Galiza e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a promoción e posta en valor, no ámbito da música, de artistas galegos/as que veñan de rematar os estudos profesionais e superiores de música nos conservatorios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Actuacións de colaboración

1. A referida colaboración levarase a cabo, por un lado, a través da concesión dun premio complementario aos/ás alumnos/as que obtivesen os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais na modalidade de



música na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao curso 2016/2017.

O premio consistirá no dereito a gravación discográfica, mestura, edición e masterización dun CD en sistema de gravación a disco duro en HD 3 de ProTools, en cuxo repertorio participarán os/as alumnos/as premiados/as.

A gravación poderase facer efectiva no prazo de tres meses dende a publicación no Diario Oficial de Galicia da concesión dos premios extraordinarios e tras dar traslado á Fundación Paideia Galiza da Acta na que se indique a puntuación acadada polo alumnado nos devanditos premios.

2. Por outro lado, a concesión de diversos premios a titulados/as de ensinanza superiores de música na especialidade de interpretación dos conservatorios galegos, por medio da realización de gravacións discográficas ou maquetas, ben como solistas ou ben en formacións camerísticas, e a súa posterior distribución e difusión.

O desenvolvemento das accións establecidas no punto anterior, concrétese nos seguintes premios, de acordo á seguinte prelación:

- a) Premio extraordinario Fundación Paideia Galiza-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para artistas noveis galegos/as que outorgarase ao/á alumno/a que obteña a maior cualificación no proceso de selección que oportunamente se convoque de acordo as bases establecidas na cláusula terceira do presente convenio.
- b) O premio consistirá no dereito a gravación discográfica, mestura, edición e masterización dun CD en sistema de gravación a disco duro en HD 3 de ProTools.
- c) Dúas mencións de honra Fundación Paideia Galiza-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para artistas noveis galegos/as que outorgaranse aos outros dous premiados no proceso de selección que oportunamente se convoque de acordo as bases establecidas na cláusula terceira do presente convenio.
- d) O premio consistirá no dereito a gravación, mestura, edición e masterización dunha maqueta en sistema de gravación a disco duro en HD 3 de ProTools.



As gravacións poderanse facer efectivas no prazo de tres meses dende a publicación oficial da concesión dos premios extraordinarios e tras dar traslado á Fundación Paideia Galiza da Acta na que se indique a puntuación acadada polo alumnado nos devanditos premios.

3. A Fundación Paideia Galiza comprométese a ceder as súas instalacións e a sufragar os gastos que orixine a realización das gravacións, e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a promover a convocatoria entre o alumnado dos conservatorios superiores de Galicia e a difundir as obras premiadas.
4. A Fundación Paideia Galiza comprométese a levar a cabo as seguintes accións:
 - a) Realizar a convocatoria dos premios, recollendo as previsións establecidas no presente convenio.
 - b) Poñer a disposición do alumnado premiado coa gravación dun CD durante a vixencia do convenio, as súas instalacións e os seus medios técnicos, consistentes nunha sala de gravacións no Centro de Iniciativas "Mans", así como o apoio especializado para levar a cabo as gravacións, de acordo co seguinte:
 - i) Cederá as súas instalacións a cada premiado para unha sesión de gravación de entre tres e seis horas, en horario de mañá e/ou tarde, no estudio de gravacións situado no CIE "Mans".
 - ii) Cederá as súas instalacións a cada beneficiario/a para as súas sesións de mestura, edición e masterización, en sistema de gravación a disco duro en Hd3 de Protocols.
 - iii) Tramitará a documentación administrativa necesaria e esixida pola lexislación da propiedade intelectual: o depósito legal e a xestión dos dereitos correspondentes diante da SGAE, sendo as tarifas correspondentes, de ser o caso, a cargo do/da beneficiario/a.
 - iv) Realizará o deseño gráfico, e o seguimento da fotomecánica.
 - v) Entregar o número de copias das gravacións de acordo á seguinte distribución:



- 100 copias para a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- 100 copias para a Fundación Paideia para a súa difusión
- 300 copias para cada premiado/a agás no caso dos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais na modalidade de música, que distribuíranse as 300 copias entre os/as alumnos/as premiados/as.

c) Poñer a disposición do alumnado premiado coa gravación dunha maqueta durante a vixencia do convenio, as súas instalacións e os seus medios técnicos, consistentes nunha sala de gravacións no Centro de Iniciativas "Mans", así como o apoio especializado para levar a cabo as gravacións, de acordo co seguinte:

- i) Cederá as súas instalacións a cada premiado para unha sesión de gravación de entre tres e seis horas, en horario de mañá e/ou tarde, no estudio de gravacións situado no CIE "Mans".
- ii) Cederá as súas instalacións a cada beneficiario/a para as súas sesións de mestura, edición e masterización, en sistema de gravación a disco duro en Hd3 de Protocols.

5. A elección do repertorio que integre o programa será proposto polo/pola intérprete aspirante, tendo en conta que, no caso de tratarse de obras que non sexan de dominio público, os posibles custos derivados do aboamento de tarifas en razón de propiedade intelectual correrán a cargo do/da beneficiario/a do premio. En todo caso, esta circunstancia deberá ser advertida ao/a aspirante no momento da promoción e difusión da convocatoria de premios.

Terceira. Selección do alumnado que concorrerá ao Premio extraordinario e ás dúas mencións de honra de ensinanzas superiores de música

1. Esta convocatoria será de aplicación ao alumnado dos conservatorios superiores da Coruña e Vigo.
2. Para poder participar nesta convocatoria será condición indispensable que o alumnado cumpra os seguintes requisitos:
 - a) Ter acadada a cualificación de sobresaínte ou matrícula de honra no traballo fin de estudos na especialidade de interpretación, previsto no Decreto



163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia.

- b) Ter superado o traballo fin de estudos no ano académico anterior ao da convocatoria dos premios ou no mesmo ano académico desta.
- c) O alumnado deberá presentar tres copias dunha gravación en vídeo no que interprete, co acompañamento que precise, se é o caso, tres pezas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel destas ensinanzas, cunha duración máxima de 15 minutos, entre as tres pezas.

Cuarta. Tribunal cualificador do Premio extraordinario e das dúas mencións de honra de ensinanzas superiores de música

1. Para a asignación dos premios e valoración das solicitudes, constituirase un tribunal de selección que estará integrado por:

- a) A persoa responsable da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, que será o/a seu/súa presidente/a.
- b) Vogais: o xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e dous vogais máis que serán especialistas no ámbito da música.
- c) Un/unha asesor/a de ensinanzas artísticas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario/a do tribunal.

2. Poderá, así mesmo, constituírse un tribunal previo de selección dos/das aspirantes, no suposto de que o número de participantes xustifique esta decisión. En todo caso, a composición deste tribunal realizarase de acordo ao establecido no punto anterior.

3. O tribunal terá atribuídas as competencias para o outorgamento dos premios, sendo a súa decisión inapelable.

O tribunal recollerá nun Acta a proposta definitiva de adxudicación dos premios.

Quinta. Difusión do convenio



Na difusión do presente convenio deberá facerse constar a colaboración da Fundación Paideia Galiza e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo, na edición das gravacións dos/das premiados/as figurará o logotipo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o da Fundación Paideia Galiza e o do Estudio de Gravacións Mans.

Na difusión dos premios poderán intervir outras institucións que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou a Fundación Paideia Galiza consideren de interese para este fin.

Sexta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión que velará polo correcto desenvolvemento do presente convenio.

Esta comisión estará constituída por:

- a) O/a titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en que delegue.
- b) Dous/dúas representantes da Fundación Paideia Galiza.
- c) Un/unha funcionario/a da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, persoa que actuará como secretario/a.

A Comisión reunirse sempre que o requira unha das partes, con previo aviso á outra parte con polo menos unha semana de antelación.

Sétima. Vixencia e modificación

O presente convenio terá unha vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

Oitava. Resolución do convenio

Son causas de resolución:

- a) Incumprimento das prestacións e obrigas establecidos nas cláusulas do convenio.
- b) Mutuo acordo das partes.
- c) Denuncia, expresa e cunha antelación dun (1) mes, de calquera dos asinantes.

Novena. Natureza do convenio

1. O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas deste. No non previsto, e co fin de resolver as dúbidas



e lagoas que puideran presentarse, aplicaráselle os principios recollidos no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

2. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puideran xurdir da aplicación do presente convenio.

Décima. Publicidade activa

Este convenio será obxecto de publicidade a través dos mecanismos establecidos para o efecto pola Xunta de Galicia, en aplicación do establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Así mesmo, e para garantir que non se transgreden os límites do dereito de acceso á información pública, así como dos derivados da normativa en materia de protección de datos persoais establecidos pola normativa básica, as persoas asinantes manifestan o seu consentimento e autorización para facer pública a información relativa aos seus datos persoais e o resto de especificacións que constan no convenio.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano por triplicado e en unidade de acto, no lugar e data indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria



Román Rodríguez González

A Presidenta da Fundación Paideia
Galiza

Sandra Ortega Mera